



**Resolución do 5 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se resolve a concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección de experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria de centros integrados no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, destinadas a centros públicos de nivel non universitario e de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no curso 2023/24.**

Finalizado o procedemento establecido na Resolución do 2 de abril de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección de experiencias de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria de centros integrados no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, destinadas a centros públicos de nivel non universitario e de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso 2023/24, procédese a facer pública a concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria e a selección daqueles centros participantes na modalidade de Voluntariado na biblioteca escolar Primaria, segundo o disposto no apartado 5.1.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

## RESOLVO:

Primeiro: conceder o Selo "Biblioteca Escolar Solidaria" e o importe correspondente aos centros seleccionados que aparecen na seguinte táboa:

Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación
36016051	CEIP Plurilingüe Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra	1.500€
36007060	CEIP Plurilingüe de Chancelas	Poio	Pontevedra	1.500€
36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis	Vigo	Pontevedra	1.500€
15016000	CIFP Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña	1.500€
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña	1.500€

A contía asignada deberá destinarse a actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención da diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva; así mesmo, esta asignación poderá destinarse a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da *Axenda 2030 da ONU de desenvolvemento sustentable*.





Remitirase aos centros galardoados un arquivo co logotipo do selo que deberán integrar nos seus espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar e o diploma acreditativo deste recoñecemento, tal e como se recolle na resolución de 12 de decembro de 2023

**Segundo:** conceder as asignacións correspondentes aos centros seleccionados na modalidade Voluntariado de lectura Primaria.

Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	Pontevedra	600,00 €
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Sober	Lugo	600,00 €
36002773	CEIP do Foxo	A Estrada	Pontevedra	600,00 €
36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	Ponteareas	Pontevedra	600,00 €
32005408	CEIP Virxe da Pena da Sela	O Irixo	Ourense	600,00 €
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	A Coruña	600,00 €
15024951	CEIP Plurilingüe de Louro	Muros	A Coruña	600,00 €
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	600,00 €
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	600,00 €
15021354	CEIP Bergantiños	Carballo	A Coruña	600,00 €

Esta asignación destinarase ao desenvolvemento dun obradoiro especializado nalgunha destas temáticas: lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio como medio de comunicación, a elaboración de *booktrailers*, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais, destinados a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar.

En todo caso, será o equipo de biblioteca quen decida finalmente a configuración do grupo que participe nos obradoiros, dentro dos límites da propia actividade para un mellor aproveitamento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

